



Regulamento da III BTT Monte Castelo – Baio 2022

1. A proba celebrárase o día 6 de novembro de 2022 con saída e chegada na Carballeira de Baio, no concello de Zas, unha proba non federada e rexérase polo presente regulamento baixo as directrices da organización **TABEIRÓN DEPORTIVO**.

2. Horario: A saída será ás 9:00 horas na Carballeira de Baio no Concello de Zas.

Carballeira de Baio: <https://goo.gl/maps/1iq6z9Mzqn3GiwHj8>

3. Emprazamento.

3.1 Zona Saída: A saída da proba está situada na **Carballeira de Baio as 9:00 horas**. Esta zona permanecerá pechada ao tráfico, non se permite a entrada a vehículos. Nela habrá:

- Servicio de roupeiro con bolsas identificadas polo nº de participante
- Servicio de lavado para as bicicletas
- O remate da proba entrega de un aperitivo e bebida final.

3.2 Zona Recepción e entrega Dorsais: está situada na Carballeira de Baio, donde se fai **entrega dos dorsais**.

Carballeira de Baio: <https://goo.gl/maps/1iq6z9Mzqn3GiwHj8>

3.3 Entrega dorsais previa: O sábado 5 de novembro tamen estará habilitado as Escolas Agra Regueiro entre as 17.00 e as 19.00 horas para a recollida de dorsais e entrega

Escolas Agra Regueiro: <https://goo.gl/maps/S5Jkb9Rz9BPUGYpc6>


3.4 Duchas: Os participantes unha vez recollidos os dorsais terán que acudir as zonas de aparcamento situadas no **Campo de Fútbol** ou no **Polideportivo** donde esta o servicios de duchas en cumprimento da normativa sanitaria vixente de cada Concello

Campo Fútbol Platas Reinoso: <https://goo.gl/maps/cafrCYRAkLCrku5>

Polideportivo: <https://goo.gl/maps/cgHdHpXMcvcuYqpb8>



Mapa Baio



4. Recorrido: A proba terá os seguintes recorridos:

- Ruta longa: 56 km: <https://es.wikiloc.com/rutas-mountain-bike/baio-grande-galicia-espana-114210466>
- Ruta curta: 36 km: <https://es.wikiloc.com/rutas-mountain-bike/iii-btt-monte-castelo-2022-curta-115432469>
- Mini BTT no competitiva: 16 km: <https://es.wikiloc.com/rutas-senderismo/mini-btt-111744851oc> | Ruta Mini BTT

O itinerario transitará por parte do Monte Castelo de Baio, Penedos Pasarela Vimianzo, Loma de Coens de Laxe, Monte Lourido de Cabana de Bergantiños

5. Participantes: Esta ruta do III BTT Monte Castelo está aberta a calquera participante federados e non federados, os participantes deben ser maiores de 14 anos ata un máximo de 500 participantes con dúas 2 modalidades de ruta, longa e curta. A MiniBTT no hay número máximo de participantes e poden participar de todas as idades.

Cada participante fará uso obrigatoriamente do casco e do dorsal personalizado asignado pola organización. O participante deberá aceptar que o dorsal é intransferible e que non o poderá ceder para que o leve outra persoa.



Todas as persoas participantes deben aterse ós horarios e lugares de partida indicados na información xeral, debendo presentarse 1 hora antes da saída da proba para recoller o dorsal.

Así mesmo, a organización resérvase 10 dorsais de libre disposición.

Permítese a participación de bicicletas eléctricas, pero non serán participes na clasificación para a entrega de premios.

6. Inscripcións: Para poder participar na III BTT Monte Castelo, deberase estar previamente inscrito na plataforma **ins.cronotec.es**. Non se lle permitirá a súa participación a ningunha persoa que non teña dorsal previamente entregado polos membros da organización e que non apareza nos listados facilitados por **Cronotec**.

- prazo de inscricións remata o **mercores 2/11 ás 23:59 horas** ou cando se chegue á cota de participación.
- A organización obsequiara o 300 primeiros inscritos con un agasallo da III BTT Monte Castelo, o resto de inscritos non podemos garantir agasallo debido os prazos de entrega.

7. Prezo: O importe da inscrición é de **18€** para os participantes federados e non federados. A partires do 23/10 as 23:59 horas o importe da inscrición é de **22€**. Os socios de Tabeirón Deportivo o importe da inscrición e de **12€**. Dita inscrición dá dereito a participar na proba, seguro de asistencia sanitaria e de responsabilidade civil, avituallamentos e cantos obsequios ou regalos poida conseguir a organización.


Os que participen na MiniBTT, para os maiores de 18 anos o importe da inscrición é de **7 €**, menores 18 anos gratuito. Os acompañantes que queiran a comida final e bebida o prezo son **5€**.

Non se admiten devolucións das inscricións. Cronotec ten a opción para os participantes de devolución da inscrición con un seguro de cancelación por importe de 1€ que os participantes poden escoller no momento da inscrición.

8. Marcaxe: O recorrido estará sinalizado con bandeirolas e frechas de cor azuis e brancas sendo obrigatorio o paso polos controis establecidos.

9. Tempo de corte e hora de peche: Haberá dous puntos de corte


9.1. Os/as participantes que sobrepassen as **12.30 horas** no paso polo punto de desvío da ruta longa/curta na subida a Cidá de Borneiro (Cabana), tras a finalizar o Rego do Muiños, , (km 37,5 da ruta longa e km 22,5 da ruta curta aproximada) estarán obrigados a coller o recorrido curto para chegar á meta situada na Carballeira de Baio.



Así mesmo os 'colaboradores escoba' ou o responsable de cada control xunto ca autorización dos organizadores terán potestade para retirar da proba a calquera ciclista se o seu tempo durante o transcurso da proba ou o seu estado de saúde así o aconsella. O/A ciclista que se retire durante o transcurso da proba, deberá avisar ao control máis próximo e facer entrega do dorsal.

O/A ciclista que faga caso omiso da orde de retirada dada polos membros da organización, quedará automaticamente fora de competición, considerándose que actúa baixo a súa enteira responsabilidade e en contra do criterio dos organizadores da proba que, a partir dese momento, declina calquer responsabilidade sobre as posibles consecuencias dos seus actos.

9.2 Os/as participantes que sobrepassen as **13.30 horas** no paso polo punto antes da Subida o Castelo (Km 46 da ruta longa e km 27 da ruta curta aproximadamente), serán obrigados a coller o recorrido corto para chegar á meta situada na Carballeira de Baio.



10. Avituallamentos: Existirán 3 avituallamentos na larga nos puntos 23,5 km, 32,5 e 44,5 km, na ruta corta 2 avituallamentos, os 17 km e 25,5 km. Todos serán líquidos e sólidos. Ao remate da proba haberá tamén un avituallamento líquido. En cada punto de avituallamento haberá auga. Ademais haberá papeleiras para abandonar os restos de xeles e demais envoltorios, vasos, etc.. Todos/as os/as participantes, organizadores, colaboradores, ..., debemos ser responsables co medio no que estamos a desenvolver esta actividade.

11. Premios e clasificación: A entrega de premios será na Carballeira as 13.30 horas. Daráselle trofeo o s 3 primeiros/as clasificados/as da categoría absoluta masculina e feminina da ruta longa e curta. Trofeo a mellor clasificado e clasificada do Concello de Zas e o mellor clasificado socio e socia de Tabeirón Deportivo, da ruta longa e curta sendo os premios acumulativos.

Premios acumulativos por participantes en todas as categorías.

Permítese a participación de bicicletas eléctricas, pero non serán participes na clasificación para a entrega de premios.

11.1. Clasificación por equipos. Haberá un único premio e será a correspondente á suma dos tempos dos/as tres primeiros/as corredores de cada equipo que realizaran o recorrido completo da ruta longa en menos tempo real.

12. A organización resérvase o dereito a realizar as modificacións que considere



necesarias en función dos diferentes condicionantes, así como a suspensión da proba se as condicións meteorolóxicas ou a falta de permisos requiridos e necesarios o obrigan ou por forza maior. No caso de efectuar algunha modificación no recorrido, este será comunicado a todos/as os/as participantes por medio das redes sociais e a través da plataforma de inscrición de cronotec.

13. A organización dispón de todos os seguros obrigatorios (responsabilidade civil e accidente deportivo) que corresponden á organización de todo este tipo de eventos.

14. Os/as participantes están obrigados a auxiliar aos accidentados e a respetar as normas de circulación nos cruces de carretera. En todos os cruces teremos persoal de apoio.

15. Os únicos vehículos autorizados a seguir a proba serán os designados pola organización quedando totalmente prohibido, para evitar posibles accidentes, seguir aos ciclistas en moto, bicicleta, quad por todo o circuíto.

16. A organización declina toda responsabilidade en caso de accidente, negligencia, así como dos obxectos perdidos de cada participante. Os participantes exoneran á organización de toda responsabilidade en caso de accidente, lesión ou rotura de material (bicicleta, casco, gafas, roupa, ...)

Cada participante manifesta explicitamente que libera aos organizadores, patrocinadores, colaboradores, etc. de calquera responsabilidade civil ou doutra índole que se poidera ocasionar durante a participación na III BTT Monte Castelo: accidentes, lesións, danos propios ou a terceiros, asumindo cada un dos participantes as consecuencias e responsabilidades que se poidan ocasionar pola participación na mesma.

PROTECCIÓN DE DATOS

Todo participante, ao formalizar a súa inscrición, está autorizando a publicación dos seus datos persoais necesarios para o desenvolvemento da proba, xa sexa nos listados oficiais, en medios de comunicación e/ou internet, así como, o seu uso para o envío de información relativa ao evento, incluídas posteriores edicións. Igualmente autoriza a que as imaxes recabadas (fotografía ou vídeo) se poidan utilizar de forma atemporal en calquera publicación ou acción publicitaria, co único fin de promoción e difusión do evento.

Cada participante é responsable da veracidade dos datos proporcionados na súa inscrición, e consente que ditos datos se incorporen a un ficheiro automatizado, do que é responsable o **Asociación Veciños Tabeirón de Baio con domicilio Campo do Rollo S/N Baio, Zas A Coruña**. O titular dos datos terá dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición nos termos previstos na Lei Orgánica 15/1999



do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, adaptada á Normativa Europea (UE) 679/2016.

Ao mesmo tempo, informamos sobre a posibilidade de exercer os dereitos de acceso, rectificación e cancelación dos seus datos persoais que constan no ficheiro de Tabeirón Deportivo. Para exercer estes dereitos, poderán facelo a través da dirección de correo electrónico, asociacióntabeiron@hotmail.com

TELEFONOS DE CONTACTO E INTERESE

PRESIDENTE: RAMON 651992623

RESPONSABLE CIRCUITO: MARIO 645817725

RESPONSABLE PROBA: MANUEL 629630566

HOSPITAL URXENCIAS CEE: 981706010

CENTRO MÉDICO VIMIANZO:981707417